

Introdución

Kant desenvolve a súa teoría filosófica no contexto da Ilustración, un período histórico, que como vimos caracterízase sobre todo pola confianza no poder da **razón** e pola loita pola tolerancia e contra o dogmatismo.

Inmanuel Kant nace e vive na cidade alemá de Königsberg (Prusia) no ano 1724 e morre no ano 1804. A súa vida transcorre, por tanto, no século XVIII. De seu pai herda a súa rectitude e honradez, e de súa nai de confesión “pietista”(relixión na que se educou o propio Kant) a súa bondade e intelixencia. Estudou con éxito Teoloxía, Filosofía e Ciencia natural. Chegou a ser profesor da Universidade de Königsberg, gozando dunha grande reputación. Os seus ideais liberais levárono a defender a independencia dos EEUU e ós ideais da Revolución Francesa.

O pensamento de Kant pasa por tres etapas:

- **Etapas racionalista-dogmática:** na que permanece baixo a influencia do racionalismo de Leibniz, tal como fora asumido por Wolff.
- **Etapas escéptico-empirista:** na que desperta do seu “soño dogmático” trala lectura de Hume.
- **Etapas crítica:** na que desenvolve o seu propio pensamento.
-

Para Kant a filosofía debería ocuparse fundamentalmente das seguintes cuestións.

- **¿Que podo coñecer?** Responde a esta interrogante na súa obra *Crítica da Razón Pura*, na que trata de establecer os límites dentro dos que pode existir o **coñecemento científico** da natureza. Distinguirá entre Ciencia e Metafísica.
- **¿Que debo facer?** Contesta a esta pregunta na súa obra *Crítica da Razón Práctica* e nela trata o problema da **moralidade** e o establecemento dos principios e condicións que posibilitan o que a razón obre libremente.
- **¿Que me cabe esperar?** Responde a esta interrogante nas súas obras: *A Relixión dentro dos límites da verdadeira razón* e *Ideas da historia universal*. Aquí trata o problema da **relixión** e da **historia**, entendida como posibilidade de realización nun tempo e nun espazo determinados.
- **¿Que é o ser humano?** Responde a esta cuestión na súa obra. *Antropoloxía* e trata de relacionar as tres interrogantes anteriores, reducíndoas a unha soa pregunta antropolóxica. Con isto pretende indicarnos que sempre o ser humano e o punto de referencia, tanto nos seus aspectos racionais ou do coñecemento como no seu comportamento moral ou libre.

OBRAS:

Crítica da Razón Pura: é a súa obra principal e desenvolve a súa teoría do coñecemento.

Crítica da Razón Práctica: na que desenvolve a súa teoría ética.

Crítica do xuízo.

A Relixión dentro dos límites da verdadeira razón.

Metafísica dos costumes.

A paz perpetua.

Soños dun visionario.

Historia xeral da natureza e a teoría do ceo.

A idea kantiana de Ilustración.

No ano 1783 un párroco berlinés formulaba nunha revista unha pregunta nada retórica polo significado de Ilustración, comparándoa en importancia coa referida a verdade e encarecendo a súa resposta. Nesta pregunta deixábase entrever que a noción de Ilustración e con ela o sentido da tarefa de ilustrar volvéranse problemáticos. Kant respostará a esta cuestión nun opúsculo titulado *Resposta á cuestión: Que é a Ilustración?* **Para Kant a Ilustración consiste na autoemancipación dos seres humanos, mediante o uso autonomo da razón e a decisión de atreverse a saber (“sapere aude”)**

Kant é o cume da Ilustración en Alemaña, pertence ao contexto cultural deste movemento. **O lema da Ilustración Kantiana é a audacia, baseada na análise e na crítica racional pero, a partir da experiencia.** O único que necesitamos é a razón e a liberdade, así como a valentía, para deixar atrás a minoría de idade, e lograr unha autonomía integral. Desde a reivindicación da razón e a liberdade, ábrese un proxecto ético-político de mellora da humanidade. Cabe destacar que este optimismo descansa sobre dúas bases: a) a crenza na idea de progreso e b) a afirmación da posibilidade do coñecemento obxectivo: a ciencia.

Liberar ao ser humano das ataduras da tradición e facer del un ser libre, pasa por sermos capaces de descubrir as leis que rexen o mundo. O coñecemento teórico e o coñecemento práctico deben ir unidos. **A pregunta fundamental para Kant será: ¿Que é o ser humano?** Buscar unha definición de Ser humano implica contestar tanto á cuestión teórica: ¿que podo saber?, como á práctica: ¿que debo facer?, e á teórica práctica: ¿que me está permitido esperar? Coa resposta á primeira descubrimos os límites das nosas capacidades cognoscitivas e poderemos ter un criterio seguro na busca das demais respostas. Coa segunda atoparemos unha regra para o obrar no ámbito e político. Coa última afondaremos nas esperanzas, desexos e en todas aquelas facetas do ser humano que determinan para el o sentido da vida e o universo.

Para levar a cabo este proxecto, Kant recoñece, desde seu punto de vista de filósofo ilustrado, como **único instrumento a razón**. Esta importancia que Kant lle concede á razón móstrase fundamentalmente no seu **antimilitarismo**, na defensa que fai da Revolución francesa e sempre no seu **cosmopolitismo**.

Porén, este camiño de adquisición da razón non é doado para o individuo solitario pois os dogmas políticos e relixiosos son moi fortes, por iso Kant fai fincapé na necesidade da busca social desa liberdade e, nesa busca, os intelectuais teñen un papel fundamental. Serán os intelectuais, eses individuos que se teñen liberado xa do xugo do dogma, os que deben axudar a pensar en liberdade ao resto da sociedade, para que se poida instaurar unha liberdade de pensamento real e unha autonomía da razón en todos os ámbitos.

A este respecto Kant distingue entre o “uso privado” e o “uso público” da razón. Con esta distinción Kant pretende facer compatible a expresión pública da opinión que pode suscitar debate na sociedade e facela progresar (uso público) e a debida obediencia ás leis (uso privado) que debemos acatar na nosa vida privada, pois estamos sometidos a elas. Así, por exemplo un cidadán non pode negarse a pagar impostos, pois levaría a quebra ao Estado, mais pode publicar a súa opinión contraria a eles. Esta distinción Kantiana fundamenta o cambio social baseado nas ideas e na discusión racional e non na violencia ou na revolución armada. A xuízo de Kant o progreso social debe vir dado pola discusión racional entre seres humanos libres que serán, xa que logo, capaces de chegar a acordos entre eles e progresar para instaurar unha Sociedade libre na que as leis sexan expresión da vontade do pobo. Ningún monarca pode, a xuízo de Kant, impor unha lei que o pobo non se dera a si mesmo. A misión do gobernante debe ser alentar o uso público da razón en todos os ámbitos ao mesmo tempo que impide o enfrontamento violento entre os cidadáns. O poder do gobernante debe estar ao servizo deste fin, e o exercito só pode xustificarse para garantir a orde e a liberdade de pensamento.

A síntese entre racionalismo e empirismo en Kant.

Kant tarda sobre doce anos en pensar o contido do que logo, nun semestre, se converterá na súa obra cume *Crítica da Razón Pura*. A primeira etapa do pensamento kantiano é o que denominamos **etapa precrítica**. Neste período Kant comeza por formase no racionalismo, para máis tarde abandonalo polo empirismo, trala lectura das obras de Hume.

Xa no que se coñece como **etapa crítica** (momento no que escribe a súa obra capital), Kant imbuído polo espírito da súa época (a Ilustración) e polos éxitos conquistados polas ciencias

experimentais (principais motores do progreso da época), quere conseguir que non só a ciencia senón todo os saberes, e a totalidade do coñecemento humano, se beneficien de ese mesmo éxito.

A filosofía e máis concretamente a metafísica (chamada a raíz das ciencias) perdíase, ao contrario que as ciencias, en debates infrutuosos, e porén a súa aspiración era ser un saber incuestionable e absoluto (verdadeiro), a cerca de aquelas cuestións máis importantes para a persoa: a orixe do mundo e os seus límites (cosmoloxía), a natureza da mente humana e a súa vinculación ao corpo (psicoloxía) ou a existencia dun creador do mundo e a súa esencia (teoloxía).

Para saber cales poderían ser os límites dun coñecemento metafísico de tal natureza, era preciso segundo Kant **comezar por saber os límites de calquera tipo de coñecemento e a forma en que este se producía**. Só así se podería garantir un uso correcto da razón.

O punto de partida da investigación kantiana son **os xuízos**, porque a partir deles realizamos o noso coñecemento. Por medio dos xuízos falamos dos obxectos, expresamos calidades ou relacións entre obxectos ou mesmo entre conceptos abstractos. Todo o conxunto dos nosos saberes redúcese a un conxunto de xuízos acerca dos fenómenos e do que significan os nosos conceptos. Un xuízo sempre ten unha estrutura copulativa, que relaciona un suxeito con un predicado.

Segundo o tipo de relación que se establece entre suxeito e predicado, obtemos distintos tipos de xuízo:

- **Xuízos analíticos**: neles o predicado xa esta contido na noción de suxeito. Son explicativos, son universais e necesarios. Son sempre verdadeiros por que non afirman nada acerca da experiencia.
- **Xuízos sintéticos**: o predicado non está contido no suxeito, logo son extensivos, amplían información. O seu valor de verdade dependerá do tipo de síntese que se faga entre o suxeito.

Segundo a forma de establecer esta síntese os xuízos poderán ser:

- **“A posteriori”**: a relación establecémosla a partir da experiencia. Estes xuízos son válidos, pero non son universais, nin necesarios.
- **“A priori”**: a relación pode establecerse sen acudir para nada á experiencia, usando só a razón. Son xuízos universais e necesarios, pero fará falta demostrar a súa validez.

Para os modernos o problema da validez do coñecemento científico, reside en establecer a validez das proposicións a través das que a ciencia expresa a realidade. Unha proposición será verdadeira cando a estruturas e relacións expresadas nela se corresponda coas estruturas da realidade. Por iso toda investigación epistemolóxica da filosofía moderna se centra en buscar as condicións que deben cumprir os xuízos para que poidan ser considerados científicos. Dúas son as condicións que deben manter:

- A proposición ten que ter carácter universal e ser necesaria (non ser posible negala).
- O contido ten que ampliar información, isto é, non pode ser unha definición sen mais, senón que nos ten que dicir algo novo acerca dos fenómenos.

Os únicos xuízos que cumpriran as dúas características requiridas son, como vimos antes, os xuízos sintéticos *a priori*. Kant tentará probar, longo da *Crítica da Razón Pura* que ese tipo de xuízos son válidos e explicará en que consiste esa validez. Explicar ámbalas cousas supón contestar a cuestión ¿Como son posibles as ciencias? ou, o que é o mesmo, ¿como pode darse un coñecemento universal (valido para todos os fenómenos) e anterior á experiencia? (recordemos que a ciencia serve para predicir o comportamento dos fenómenos)?

TIPOS DE XUÍZOS				
Criterio utilizado	Relación entre o concepto do suxeito e o do predicado		Fundamento da súa verdade.	
Tipos	Analíticos	Sintéticos	A priori	A posteriori
Propiedades	O concepto predicado inclúese no concepto suxeito	O concepto predicado non se inclúe no concepto suxeito	Baséanse na razón pura	Baséanse na experiencia
Características	Universais e necesarios	A priori: universais e necesarios	Universais e necesarios	Particulares e continxentes
		A posteriori: particulares e continxentes		
	Non dan información nova, son explicativos máis que informativos	Dan información nova; son informativos máis que explicativos	Sintéticos: dan información nova Analíticos: non dan información nova	Dan información nova; son informativos máis que explicativos
Exemplos	“o triángulo ten tres ángulos”	“os corpos son pesados”	“3+4 = 7”	“os cans son fieis”
Científicos				
Xuízos sintéticos a priori				
Fundamento	Teñen a súa orixe no exercicio da pura razón, pero aplícanse só o dado na experiencia.			
Características	Universais e necesarios			
Xeometría		Aritmética	Física	
“A liña recta é a liña máis curta entre dous puntos”		“3 + 4 = 7”	“Acción e reacción son sempre iguais”	
No científicos				
Resultado de aplicar as categorías a obxectos dos que non podemos ter experiencia algunha				
Metafísica	“o home é libre”, “os homes teñen unha alma inmortal”; pero os seus xuízos sintéticos a priori non son lexítimos pois non se refiren á realidade fenoménica senón á nóumenica			

Para Kant forman parte da ciencia os xuízos analíticos e os sintéticos a posteriori, pero os que determinan a ciencia son os xuízos sintéticos a priori. Como os xuízos sintéticos a priori desenvolven unha síntese entre suxeito e predicado que non está fundada na experiencia, Kant ten que facer unha investigación acerca da lexitimidade desa síntese (que garanta que a relación que se fai entre ambos é segura). Para isto fai unha crítica exhaustiva da razón, das súas facultades e do obxecto sobre o que traballa cada unha das facultades, así divide a Crítica da razón pura en tres partes:

Estética transcendental: Estuda nela como se produce a experiencia e, tamén, como as estruturas transcendentais da sensibilidade, que é a facultade cognoscitiva elemental, fan posible a existencia de xuízos sintéticos “a priori” na ciencia matemática

Analítica transcendental: Analiza como o entendemento é capaz de producir conceptos e, tamén como as estruturas a priori da nosa facultade de coñecer fan posibles os xuízos sintéticos a priori na ciencia natural ou física.

Dialéctica transcendental: investiga o uso da razón e, tamén, se poden darse os xuízos sintéticos a priori na metafísica, concluíndo que esta non é unha ciencia, senón unha tendencia da razón humana que nos abre a porta cara ao campo da moralidade.

A estética transcendental.

Segundo Kant todo **o noso coñecemento comeza coa experiencia aínda que non todo coñecemento procede dela**, a sensibilidade é a primeira facultade do noso coñecemento, aquela mediante a que recibimos o que nos chega a través dos sentidos, o resultado desta actividade do coñecemento chámase: **intuición sensible**. Kant reserva a palabra sensación para designar os datos que nos subministran os sentidos. Estes datos non son conscientes para a nosa mente, xa que só é posible captar algo que teña unha forma ou estrutura (captamos as cousas nunha secuencia temporal é nunha situación espacial). Para que esta recepción do mundo se leve a cabo, a nosa mente imponse aos datos da sensación esa estrutura.

En calquera fenómeno, Kant distingue unha materia e unha forma: a **materia** é o elemento que provén da experiencia (da nosa relación co mundo), e a **forma** vén outorgada polas **condicións transcendentais** que impón a estrutura da nosa mente. A primeira é a *posteriori*, a segunda a *priori*.

Ao mesmo tempo, Kant, analiza **a posibilidade da matemática como ciencia**. Para Kant, a matemática está constituída, fundamentalmente, por **xuízos sintéticos a priori** (e non por analíticos como dixera Hume). Esta consideración das matemáticas como ciencia que proporcionan coñecemento que amplía o noso coñecemento do mundo (e non meramente unha ciencia composta por tautoloxías á marxe da experiencia), leva a Kant a preguntarse pola orixe dos seus xuízos. A matemática é coñecemento universal, polo tanto refírese a toda experiencia posible. Isto quere dicir, que o coñecemento matemático non pode referirse a experiencias concretas, senón ao que de común teñen todas as experiencias posibles: a forma dos fenómenos (espazo e tempo). Recordemos que a xeometría trata da noción de espazo e as súas aplicacións, e a aritmética das sucesións numéricas, e estas sempre se dan nunha sucesión temporal. Espazo e tempo son, xa que logo, o obxecto das matemáticas, aquilo sobre o que versan os seus xuízos. As matemáticas tratan de comunicarnos o que podemos saber acerca das estruturas mesmas da nosa facultade de captar obxectos no mundo. Esas estruturas non dependen da experiencia senón que a posibilitan, e cando as capto non o fago necesariamente na experiencia, senón como unha intuicións puras.

Kant chega á conclusión de que, o que fai que os xuízos matemáticos sexan verdadeiros, e se podan aplicar á nosa experiencia, é o mesmo que fai posible o noso coñecemento sensible (as estruturas a priori obrígan; espazo e tempo). Esta posición obríga a recoñecer, como consecuencia que, o obxecto do noso coñecemento é o **fenómeno**, non a **cousa en si**. O que coñecemos non é o mundo (entendido como realidade allea á conciencia), senón o resultado da experiencia, e esta está sempre estruturada polas estruturas da conciencia. O que se aparece na experiencia é o fenómeno e non a cousa en si. Isto non invalida nin a obxectividade do coñecemento, que segue a ser universal (inclúe a todos os fenómenos que podo captar) e necesario (a experiencia sempre se vai producir do mesmo xeito), nin que este teña o seu límite na experiencia.

Analítica transcendental

Na Analítica, Kant aborda a cuestión da **posibilidade dos xuízos sintéticos a priori na física**. A resposta a esta pregunta comporta analizar as condicións a priori do coñecemento intelectual, as condicións que fan posible producir conceptos. **A facultade do entendemento** pensa a través de xuízos, dos que os conceptos forman parte. O material de base para ese coñecemento proporciónallo a sensibilidade (por iso dicimos que **o entendemento é a facultade de pensar os obxectos**).

O concepto é o instrumento para designar o que hai de común na diversidade da experiencia (é como unha función, que describe o comportamento dun número infinito de experiencias). Os conceptos elabóranse a través dunha síntese da diversidade da nosa experiencia, unificándoa coas regras de regularidade e orden que propón a nosa mente. Deste xeito prodúcese o que chamamos **conceptos empíricos**. As regras da nosa mente exprésanse tamén en forma de conceptos, pero estes non son empíricos, pois o seu coñecemento non procede da experiencia. Os **conceptos puros**, ou **categorías**, permiten pensar e producir os empíricos.

Kant investiga respecto a cantidade e a clasificación deses conceptos mediante unha dedución dos contidos da nosa conciencia, e chega a conclusión de que ten que haber tantos conceptos puros ou categorías (regras de pensar), como tipos de xuízos. A esta dedución chámase: **dedución transcendental**.

As categorías máis importantes son as de sustancia e causalidade porque gardan relación coa nosa idea dos obxectos tal e como os presenta a ciencia (obxectos materiais que posúen características accidentais e que gardan relacións de causa-efecto entre eles). Os racionalistas afirmaran que as nocións de sustancia e causalidade eran innatas e, a súa correspondencia co mundo viña garantida pola bondade divina. Para os empiristas, defensores da experiencia como única forma de coñecemento válida e real, estas ideas non eran válidas porque carecían de xustificación na experiencia. **Para Kant estas nocións son a priori porque pertencen á mente do suxeito, e son válidas porque poden aplicarse a calquera experiencia que este suxeito poida ter.** Estas nocións son as máis empregadas nos enunciados da física e, así Kant concluirá que a física é unha ciencia posto que os seus xuízos son válidos para toda a experiencia posible (universais e necesarios).

Para Kant, o coñecemento dun obxecto (a síntese do múltiple da sensación) é unha operación que leva a cabo un suxeito. A condición previa para ter experiencia (e coñecer calquera obxecto) é a existencia dunha conciencia que produce a unidade e a síntese da experiencia. Kant denomina a ese suxeito “**suxeito transcendental**” ou **unidade sintética e orixinaria da apercepción**. No mesmo momento no que se realiza esa síntese a conciencia, e as súas estruturas, maniféstanse como unha realidade incuestionable. A validez do coñecemento obxectivo ven dada precisamente porque todo obxecto ten que ser pensado desde as estruturas transcendentais desa conciencia. A conciencia ou suxeito é, segundo Kant o lexislador universal que impón as regras e leis ás que está sometida á experiencia. En conclusión, o coñecemento da natureza ven completamente determinado polo noso entendemento. Poren, aínda que o suxeito conforma a experiencia, está, tamén, limitado por ela e non pode saír do ámbito fenoménico, non pode aplicar as categorías a algo que non sexa un concepto empírico. As categorías están limitadas a un uso empírico, débense aplicar á experiencia e calquera transgresión a esta norma producirá falso coñecemento. **As categorías só poden usarse para coñecer os fenómenos, mentres que á súa aplicación aos nómenos (aquelo do que non temos experiencia e só podemos pensar) no produce coñecemento senón ilusións de coñecemento.**

¿Como se aplican as categorías aos fenómenos? Kant resolve isto na **doutrina do esquematismo** e no sistema dos principios do entendemento. Así, a categoría aplícase á experiencia a través dos esquemas transcendentais, a mente recorre a un esquema ou figura da imaxinación, que consiste nos diferentes modos de captar o tempo no fenómeno, distintas imaxes que comprenden a sucesión temporal dos datos sensíbles unificados pola imaxinación. De aquí que a matemática (que se constrúe desde os apriorismo espazo e tempo), teña que ser o fundamento da física.

A dialéctica transcendental

Nesta parte da Crítica, a Dialéctica transcendental, Kant **estuda a razón**. A razón é a facultade do noso coñecemento que nos permite realizar inferencias, valéndonos exclusivamente das relacións que se establecen entre xuízos. **Un razoamento** prodúcese poñendo en relación dous xuízos, de xeito que, a partir desa relación, extraemos unha conclusión que sintetiza aos xuízos

de partida superándoos. Nese exercicio a razón tenta buscar sempre sínteses maiores, de xeito que puidésemos sintetizar (relacionar) todos os xuízos que posúe a nosa conciencia. Unha síntese dese tipo levaríanos a un coñecemento absoluto, total, non condicionado: á unidade suprema do coñecemento, a idea. Por iso, Kant describe á razón como a “facultade dos principios”, a facultade de empregar ideas, entendendo por idea un tipo de noción xeral que non se abstrae da experiencia, pero que tampouco ten aplicación sobre a mesma. As ideas xorden do intento da razón de facer relacións, o máis amplas posibles, entre os xuízos. Así teñen a súa orixe as tres ideas transcendentais da razón:

- **Alma.** Esta idea orixínase na relación que fai a razón entre todos os xuízos que expresan a relación substancia accidente. Alma é a palabra que designa idea de suxeito absoluto, en canto todas as substancias posibles na experiencia cos seus atributos, son accidentes da conciencia, xa que todas elas son percibidas pola mente. De aquí extraerá a razón a unidade de todos os fenómenos internos.
- **Mundo.** Esta idea transcendental orixínase na posibilidade da relación entre todos os posibles xuízos que establecen conexións causa-efecto entre os fenómenos. Na idea de mundo relaciónanse e preséntanse como unha unidade todos os fenómenos físicos.
- **Deus.** Esta idea xorde do intento da razón de elaborar unha unidade con todos os xuízos que expresan a oposición, disxunción, comunidade e acción recíproca entre todos os fenómenos (externos á conciencia ou internos á mesma). A idea de Deus representa a unificación de todo o existente: psíquico e físico, interno e externo.

Estas tres ideas son incondicionadas, porque expresan a síntese total dos fenómenos posibles no mundo, e polo tanto non existe nada que elas non abarquen, son as ideas transcendentais de Kant. A conclusión da análise que Kant fai do uso destas Ideas transcendentais da razón, é que a Metafísica non é unha ciencia, dado que a súa actividade produce unicamente un conxunto de inferencias que exceden o ámbito da experiencia, que non teñen un fenómeno sobre o que configurar o coñecemento e que, polo tanto son produto de unha falsa lóxica.

Pódese dicirse entón que, a metafísica fai un uso ilexítimo destas ideas cando pretende usalas para aplicalas á experiencia, pero é algo que a razón non pode evitar, xa que é a súa tendencia natural. Mais as tres ideas que son o obxecto da metafísica non son superfluas, aínda que non son útiles para coñecer obxecto ningún, si que as podemos usar como regras para pensar a experiencia como conxunto, e, no ámbito da razón práctica, son os postulados que permiten guiar a actividade da razón no seu uso práctico.

Concluindo, a metafísica ten unha función reguladora para o ser humano que nos permite entrar no terreo da moralidade.

A teoría do coñecemento de Kant recibe varios nomes: **Idealismo transcendental, crítico ou formal:**

idealismo en canto que o suxeito constrúe o mundo, e transcendental en canto que o suxeito ten que facer necesariamente esa construción de algo que está aí, que o transcende porque non é algo inventado por el. Porén ese mundo existente á marxe da actividade de coñecemento do suxeito nunca é cognoscible por el. O suxeito nin inventa nin crea mundo, e tampouco pode elixir a forma da construción do coñecemento dese mundo

crítico: en canto que se basea nunha crítica total da razón (que pretende distinguir os coñecementos adquiridos lexitimamente pola razón, e dos cales podemos estar razoablemente seguros, e aqueles que exceden e abusan da capacidade daquela), fundamentalmente na súa vertente teórica.

formal: En canto a súa teoría do coñecemento recae sobre a forma e non sobre o contido do acto de coñecer.

O idealismo transcendental kantiano supuxo unha revolución no método e perspectiva da investigación filosófica, como dixo o propio Kant supuxo un xiro copernicano, pois acabou por cambiar os papeis que suxeito e obxecto xogaban no proceso do coñecemento.